

### Un día de campo

Mentres os pais e o avó se animaban cunha partida de parchís, Vitoria e Alberte corrían costa arriba e dentro do bosque.

–Coidado –berrou o pai–, que aínda vos ides perder polo bosque!

–Coidado –berrou a nai–, que aínda vos vai sentar mal o xantar!

–Coidado –berrou o avó–, que aínda ides toparvos cunha fera!


Vitoria e Alberte escachaban coa risa. Estaban eles ben preocupados...!

Despois dun bo anaco perseguindo bolboretas, os dous irmáns decatáronse de que estaban no corazón do bosque, onde as árbores eran moitas e moi altas. Cruzando unha mirada, decidiron volver correndo ao lugar onde os agardaba a familia, non fose o caso que aínda tivese razón o pai...

O medo púxolles ás nos pés. Tanto correron que o xantar estivo a piques de volver saír por onde entrara e tiveron que reducir o paso, non fose o caso que aínda tivese razón a nai...

A punto de chegar ao sitio, uns gruñidos espantosos fixeron tremer os rapaces e púxoselles o corazón na boca. Mira que se aínda tiña razón o avó e se atopaban cunha fera...

Nun santiamén, o medo volveuse un estrondo de risas. Arredor da mesa pregable, o avó e os pais durmían coma troncos... Cal dos tres roncaba máis forte, non poderían dicilo!



#### 1 Escribe. Quen fora pasar o día ao campo?

Alberte e Vitoria cos pais e o avó.

#### 2 Arrodea. Onde estaba a familia?

- No interior do bosque.
- Nun lugar preto dun bosque.
- Nunha montaña.



3 Relaciona. Quen lles fixo cada advertencia a Vitoria e a Alberte?


Coidado, que podedes toparvos cunha fera!

Coidado, que vos pode sentar mal o xantar!

Coidado, que podedes perdervos polo bosque!

4 Escribe V (verdadero) ou F (falso). Que lles pasou a Vitoria e a Alberte?

- F Xogaron unha partida de parchís moi longa.
- V Perseguiron bolboretas un bo anaco.
- V Viron unhas árbores moi altas no corazón do bosque.
- F Correron tanto que vomitaron o xantar.
- F Atoparon unha fera á saída do bosque.



5 Subliña. Que significa cada expresión remarcada?

O medo <b>púxolles ás nos pés.</b>	O avó e os pais <b>durmían coma cepos.</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Non os deixou correr.</li> <li>■ <u>Animounos a correr máis rápido.</u></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Dormían cun sono lixeiro.</li> <li>■ <u>Durmían profundamente.</u></li> </ul>

6 Responde.

- Que eran os «gruñidos espantosos» que oíron os rapaces? Eran os ronquidos dos pais e do avó.
- Cal dos tres facía máis ruído? Non se sabe, podería ser calquera dos tres.

# O grupo nominal

## LEMBRA

Un **grupo nominal** é un conxunto de palabras agrupadas arredor dun substantivo que funciona como **núcleo**. Ademais do núcleo, o grupo nominal pode estar formado por palabras que funcionan como **determinantes** ou como **complementos**.

### 1 Subliña os dous grupos nominais de cada oración e arrodea os núcleos.

- A miña avoa prepara uns batidos de froita deliciosos.
- Aqueela rapaza morena é a filla do farmacéutico.
- Os meus mellores amigos regaláronme este estoxo.
- Gustaríame que Alberte me deixase a súa bicicleta.
- Manel, toses moito; coido que necesitas un xarope.



### 2 Elixe o determinante e o complemento axeitados e escribe o grupo nominal completo.

dous  
grande  
o  
pequenos  
unha  
bonitas



cadelos

Dous cadelos pequenos

tres  
boísimo  
unha  
salgados  
un  
con verduras



paella

Unha paella con verduras

algúns  
vellas  
o  
de flores  
a túa  
vermella



ramo

O ramo de flores

a  
de madeira  
os  
veloz  
este  
bonitos



cabalo

Este cabalo veloz

3 Analiza estes grupos nominais seguindo o exemplo.

- |   |   |
|---|---|
| ■ <u>Uns</u> <u>plátanos</u> <u>maduros</u><br>Det. N. Compl.                   | ■ <u>Un</u> <u>vaso</u> <u>de</u> <u>leite</u> <u>quente</u><br>Det. N Compl. |
| ■ <u>A</u> <u>maleta</u> <u>azul</u> <u>de</u> <u>plástico</u><br>Det. N Compl. | ■ <u>O</u> <u>teu</u> <u>irmán</u> <u>xemelgo</u><br>Det. N Compl.            |
| ■ <u>Moitas</u> <u>persoas</u><br>Det. N  | ■ <u>A</u> <u>páxina</u> <u>baleira</u><br>Det. N Compl.                      |
| ■ <u>Estas</u> <u>vellas</u> <u>fotos</u><br>Det. Compl. N                      | ■ <u>Algúns</u> <u>folios</u> <u>con</u> <u>debuxos</u><br>Det. N Compl.      |

4 Localiza e subliña no texto quince grupos nominais.

### Aves rapaces

As aves rapaces cazan animais para comer. Estas aves teñen un tamaño variable; o pequeno falcón e o enorme cóndor son un bo exemplo. Ademais, hai aves rapaces diúrnas e aves rapaces nocturnas. Iso si, teñen características comúns: unha visión aguda, un oído finísimo, patas con gadoupas e tamén un forte peteiro ganchudo. Con todo iso, non é estraño que sexan unhas cazadoras tan boas!



5 Busca no texto anterior e copia un grupo nominal de cada tipo.

N.

Animais

Det. + N.

Estas aves

Det. + N. + Compl.

As aves rapaces

N. + Compl. + Compl.

Aves rapaces nocturnas

Det. + Compl. + N.

Un pequeno falcón

N. + Compl.

Aves rapaces

## LEMBRA

Esíbese en maiúscula a letra inicial dunha palabra nos seguintes casos:



- Ao principio dun texto.
- Despois de signos que pechan oracións, como o punto (.), o signo de interrogación (?), o signo de admiración (!)...
- Nos nomes propios de persoas, animais, lugares, etc.
- Nos títulos de libros, películas, cancións, etc.

### 1 Arrodea as maiúsculas do texto segundo o código.

  Nome propio.

  Palavra inicial do texto.

  Título dunha obra.

  Vai detrás dun signo que pecha oración.

### Tardes de cine

Onte pola tarde, o avó Roi levoume a Santiago e vimos unha película de ficción científica no cine. Chamábase *A busca do planeta perdido* e trataba dun grupo de astronautas que vivía aventuras polo espazo. Foi fantástica! E despois do cine merendamos nunha cafetería onde fan uns bocadillos boísimos.

O avó díxome que a semana que vén imos volver ao cine para ver outra película. Que ben!



### 2 Relaciona e copia, coas maiúsculas necesarias, as catro oracións que formes.

- |  |                   |
|--|-------------------|
| o termómetro marca cero graos. ■         | estaba boísima!   |
| miña nai fixo unha torta de chocolate. ■ | non o vou perder! |
| o estadio está cheo ata os topes! ■      | que frío!         |
| ás 7 botan o meu programa favorito. ■    | que xentío!       |

■ O termómetro marca cero graos. Que frío!

■ Miña nai fixo unha torta de chocolate. Estaba boísima!

■ O estadio está cheo ata os topes! Que xentío!

■ Ás 7 botan o meu programa favorito. Non o vou perder!

1 Le o texto e subliña a información que se pide segundo o código.

- De que fala o texto, é dicir, o tema. —
- De que dous tipos son os beneficios que se explican.....
- Que exemplos se poñen en cada caso. ----

A dieta mediterránea


Son moitas as propiedades atribuídas á dieta mediterránea.

Cómpre destacar, por unha banda, os beneficios para a saúde. Esta dieta axuda a previr algúns tipos de cancro, así como a obesidade e as enfermidades do corazón, grazas ao consumo de produtos como o aceite de oliva, as froitas e verduras e o peixe azul.

Por outra banda, a dieta mediterránea tamén supón beneficios para o medio natural. Esta dieta contribúe ao mantemento dunha agricultura sustentable e á protección da paisaxe tradicional, xa que está baseada nos cultivos típicos de cada zona en cada estación do ano.



2 Elabora o esquema do texto anterior organizando as ideas que subliñaches.




- 1 Identifica os mandos da torradora e redacta as normas de uso e as precaucións a partir dos debuxos e das palabras.


## Torradora Torraplús

### DESCRINCIÓN DO APARELLO

- 3 Botón de acender / apagar
- 2 Selector de potencia
- 4 Panca da torradora
- 5 Fonte para recoller as faragullas
- 1 Indicador de funcionamento



### INSTRUCIÓNS DE USO



premer



colocar



seleccionar



baixar

1 Enchufe o aparello e **prema o botón de acender.**

2 Introduza as torradas pola ranura superior.

3 Seleccione a potencia que desexe.

4 Baixe a panca da torradora para sacar as torradas.

### PRECAUCIÓNS



non acerque



non molle



limpe

■ Non acerque a torradora a cousas que poidan arder.

■ Non molle a torradora.

■ Limpe a fonte que recolle as faragullas.